

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TOQUES

Creación da Xunta de Goberno

CREACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Por acordo plenario de data 04/07/2019 adoptouse o seguinte acordo:

“(…) PRIMEIRO.–Crear a Xunta de Goberno Local, que terá as funcións de asesoramento a Alcaldía, así como as competencias que na mesma poida delegar tanto esta Alcaldía como o Pleno municipal.

SEGUNDO.–No suposto de que o Pleno municipal acorde a creación da mentada Xunta de Goberno Local, a mesma estaría integrada como presidente polo Sr. alcalde do Concello de Toques, don Miguel Ángel Buján Varela, e polos seguintes tenentes de alcalde:

D. José Ángel Penas García

D. José Luis Abad Rodríguez

D. José Manuel Labandeira Puga

TERCEIRO.–A Xunta de Goberno local celebrará sesións ordinarias o segundo e o último venres de cada mes ás 11.00 horas, e extraordinarias cando sexa necesario.

CUARTO.–Todas as sesións de XGL se convocarán de maneira electrónica, de tal maneira que os concelleiros recibirán un aviso de convocatoria da sesión plenaria que corresponda no seu correo corporativo para que no prazo improrrogable de 48 horas se abra o enlace correspondente que da acceso, a través da plataforma de notificación electrónica da Xunta de Galicia (NOTIFICA.GAL), á correspondente convocatoria.

No caso de non abrir o correo electrónico no prazo de 48 horas, se dará por notificado ó concelleiro.

QUINTO.–Publicar o presente acordo no BOP da Coruña ós efectos oportunos.

O que se publica aos efectos oportunos.

Toques, 24 de xullo de 2019.

O alcalde

Asdo.: Miguel Ángel Buján Varela

2019/6381

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TOQUES

Delegación de competencias na Xunta de Goberno

DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NA XUNTA DE GOBERNO

Por acordo plenario de data 04/07/2019 adoptouse o seguinte acordo:

“(…) PRIMEIRO.–Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes competencias que según o apartado 3 do artigo 21 son delegables:

1.–A competencia que está contida no artigo 21.1. apartado f) no que se refire á disposición e aprobación de gastos cando as facturas superen o importe de 5.000,00 euros (IVE incluído).

2.–A competencia establecida no artigo 21.1. apartado q), é dicir, a concesión de licencias de obra maior.

SEGUNDO.–Publicar o presente acordo no BOP da Coruña ós efectos oportunos.

TERCEIRO.–Dar conta do presente decreto na sesión extraordinaria organizativa do Pleno do Concello de Toques.

En Toques, mándao e asíno o Sr. alcalde, na data que figura á marxe”.

O Pleno dase por enterado do contido do presente decreto ós efectos oportunos.

O que se publica aos efectos oportunos.

Toques, 24 de xullo de 2019.

O alcalde

Asdo.: Miguel Ángel Buján Varela

2019/6385

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TOQUES

Delegación de competencias do Pleno na Xunta de Goberno

DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO

Por acordo plenario de data 04/07/2019 adoptouse o seguinte acordo:

“(…) PRIMEIRO.–Delegar na Xunta de Goberno Local as atribucións que según o apartado 4 do artigo 22 son delegables, é dicir, as establecidas no artigo 22.2 letra j), k), m), n), ñ), o) e q).

SEGUNDO.–Publicar o presente acordo no BOP Coruña ós efectos oportunos.

O que se publica aos efectos oportunos.

Toques, 24 de xullo de 2019.

O alcalde

Asdo.: Miguel Ángel Buján Varela

2019/6384